



## **BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS SUBVENCIONS PARA A REALIZACI3N DE ACTIVIDADES POLAS ASOCIACI3NS DE MULLERES DO CONCELLO DE LALIN DURANTE O ANO 2023**

O Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece no artigo primeiro o compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade e atribúelle a maior efectividade posible, no seu eido de competencias, ao principio constitucional de igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos os sexos, de conformidade coas obrigas impostas aos poderes públicos de Galicia no artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, entre as que figura a de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade da persoa e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, así como remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible impulsa o compromiso da comunidade internacional para o logro da igualdade de xénero e o empoderamento de todas as mulleres e nenas a través dun obxectivo específico (OBXECTIVO 5) e de forma transversal nos outros obxectivos. Na meta 5.5: Participación Plena da muller e igualdade de oportunidades, trata de asegurar a participación plena e efectiva das mulleres e a igualdade de oportunidades de liderazgo a todos os niveis decisorios na vida política, económica e pública. Na meta 5.C: Políticas e leis para a igualdade e o empoderamento, propónse aprobar e fortalecer políticas axeitadas e leis aplicables para promover a igualdade de xénero e o empoderamento de todas as mulleres e nenas a todos os niveis

Asimesmo no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, recóllese, ademais dunha liña específica de crédito para as entidades locais, un conxunto de medidas en que as entidades locais teñen a oportunidade de participar e colaborar na erradicación da violencia machista.

O artigo 25.2.o da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada polo Real Decreto Lei 9/2018 de 3 de agosto de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, atribúe aos concellos competencias para a realización de actuacións de promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.

Neste marco recoñécese o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, como o idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, a prevención e a erradicación da violencia de xénero, así como para o establecemento das condicións que posibiliten a participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social.

O Concello de Lalín ten pois entre os seus obxectivos contribuir á realización efectiva do principio de igualdade entre mulleres e homes. Entre as accións tendentes á consecución do dito fin está o apoio ao movemento asociativo de mulleres, canalizándose este a través de instrumentos económicos como as axudas e subvencións ás actividades realizadas por estas entidades coa finalidade de promover, fortalecer, consolidar e dinamizar o movemento asociativo feminino como elemento clave do cambio de valores e da transformación necesaria para avanzar na igualdade real e efectiva por razón de xénero, con especial relevancia no ámbito rural para visibilizar e pór en valor o papel das mulleres na mellora da calidade de vida, do asentamento da poboación e da dinamización do territorio en termos de igualdade e sustentabilidade e para contribuír á eliminación e prevención da violencia de xénero e prestar apoio e acompañamento ás vítimas.

Tendo en conta o exposto anteriormente e ao amparo da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do seu regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como das Bases de



execución do orzamento do Concello de Lalín para o ano 2023, o Concello de Lalín convoca unha liña de subvencións destinadas a fomentar, potenciar e fortalecer o tecido asociativo de mulleres e impulsar a súa participación e incorporación no ámbito político, social, económico, laboral e cultural de acordo coas seguintes

## **BASES**

### **1.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

1.1 Constitúe o obxecto destas bases a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades polas Asociacións de Mulleres do concello de Lalín que contribúan á realización efectiva do principio de igualdade entre mulleres e homes.

A finalidade desta subvención é apoiar e consolidar a rede asociativa de mulleres do concello de Lalín, como espazo de participación social das mulleres.

1.2 Asimesmo, estas bases teñen como obxecto a regulación do procedemento de concesión de tales subvencións en réxime de concorrencia competitiva.

O procedemento de concesión das subvencións establécese de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local modificada pola Lei 27/2013, de 12 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local; no Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o regulamento de servizos das corporacións locais; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nas Bases de execución do orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2023, e respectando o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

### **2.- PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS E FINANCIAMENTO**

2.1 As axudas reguladas nestas bases intégranse no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lalín para o ano 2023 aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xaneiro de 2023, encadrándose na liña 3 do dito plan ( subvencións de cooperación, solidariedade e desenvolvemento humano).O obxectivo estratéxico desta liña é o apoio ás persoas e colectivos máis desfavorecidos ou con máis dificultades, financiando iniciativas que axuden a diminuír as desigualdades e a incrementar e contribuír a mellorar as súas condicións de vida.

2.2 As subvencións reguladas ao abeiro destas bases faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 2312/48927, ata un importe máximo de dez mil euros (10.000 euros), correspondente ao orzamento do Concello de Lalín para o ano 2023.

### **3.- REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS**

3.1.- Poderán obter a condición de beneficiarias as asociacións de mulleres sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.



- Ter o seu domicilio social no termo municipal de Lalín.
- Ter un ámbito de actuación territorial que non exceda do termo municipal de Lalín.
- As mulleres socias representarán polo menos o 90% das persoas asociadas.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Lalín.
- Estar inscritas no Rexistro municipal de Asociacións e ter actualizada a información no mesmo.
- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Lalín.
- Ter entre os seus fins estatutarios a promoción da igualdade de oportunidades ou a defensa dos dereitos e intereses das mulleres.

3.2.- En calquera caso, non poderán ter a condición de beneficiarias aquelas asociacións de mulleres nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia: 1.- ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas; 2.- solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declaradas en concurso, salvo que neste houbese adquirido a eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso; 3.- dar lugar, por causa da que foran declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración; 4.- estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que establezaa normativa vixente ; non atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que reglamentariamente se determinen; 5.-ter a residencia fiscal nun país ou territorio calificado reglamentariamente como paraíso fiscal; 6.- Non atoparse ao corrente de pago das obrigas por reintegro de subvencións nos termos que reglamentariamente se determine; 7.-ter sido sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións según a presente lei ou a Lei xeral tributaria.

3.3. Todos os requisitos e condicións esixidos deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

#### **4.- ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES**

De acordo co artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada. En todo caso só serán subvencionables aqueles gastos correntes relacionados coa actividade como os gastos de provedores, non sendo subvencionable en ningún caso o gasto en material inventariable.

Os ditos gastos deberán estar derivados daquelas actividades que contemplan entre os seus obxectivos:

- a promoción e a participación das mulleres en tódolos ámbitos da vida social e cultural
- a promoción da educación para a igualdade e a eliminación dos estereotipos sexistas
- a sensibilización e a concienciación sobre a violencia de xénero
- a promoción da saúde e da calidade de vida das mulleres
- a adquisición de competencias e habilidades básicas para unha maior autonomía das muller



- a promoción da información e a análise sobre temas de interese da realidade social que favorezan a participación e a información das mulleres en diferentes áreas e cuxo tratamento se realice desde unha perspectiva de xénero.

Quedan excluídas das presentes bases, e por tanto non serán obxecto de subvención, as actividades subvencionadas, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións ou convenios do Concello de Lalín.

## 5.- PUBLICIDADE

Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra ( BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións ( BDNS) que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

## 6.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

6.1 As entidades que desexen acollerse a esta subvención deberán presentar unha única solicitude segundo o modelo que figura como anexo I a estas bases reguladoras.

A presentación electrónica será obrigatoria e se algunha das entidades interesadas presentase a súa solicitude presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerárase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a emenda. Para a presentación das solicitudes a sede electrónica do Concello de Lalín admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

6.2 Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- Anexo II: certificación expedida pola secretaria da entidade, acreditativa da representación que ten a persoa que asina a solicitude, así como do número de persoas asociadas e de que as mulleres constitúen alomenos o 90% das persoas asociadas.
- Anexo III: memoria explicativa da actividade.
- Anexo IV: orzamento detallado no que se contemple o importe do custo da actividade con expresión do financiamento previsto e da contía solicitada ao concello de Lalín en concepto de subvención.
- Anexo V: certificación da composición da Xunta Directiva.
- Anexo VI : declaración de axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- NIF da asociación.
- DNI da representante legal da asociación.
- Estatutos polos que se rexe a asociación, xunto cos documentos que acrediten a inscrición en rexistros públicos, así como a acta de constitución cos cargos da actual xunta directiva.
- Orzamento do ano en curso.



- Declaración xurada de ter actualizados os datos no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Certificación dos datos bancarios da solicitante.

6.3 A documentación complementaria presentarse por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente o concello de Lalín poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica do Concello de Lalín, permitirase a súa presentación de forma presencial.

6.4 Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos a persoa interesada deberá indicar en qué momento e ante qué departamento administrativo os presentou.

6.5 A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Lalín segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, caso en que deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

6.7 A inscrición da entidade no Rexistro Municipal de Asociacións será verificada de oficio por parte do órgano instructor.

6.8 O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra.

## **7.- EMENDA DA SOLICITUDE**

7.1 Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación esixida, o órgano instructor encargado da tramitación do expediente requirirá a entidade solicitante para que, no prazo máximo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desistiu da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo de que se dite resolución nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

7.2 A notificación dos requirimentos practicarase só por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

## **8.-PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES**

A subvención outorgarase a través do procedemento de concorrencia competitiva e baixo os principios



de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

## 9.-CRITERIOS OBXECTIVOS PARA O OUTORGAMENTO DA SUBVENCION

As solicitudes valoraranse conforme aos seguintes criterios

CRITERIO DE VALORACION	PUNTUACIÓN
<b>Adecuación da actividade ao principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes</b>	Ata 25 puntos
<b>Carácter innovador da actividade</b>	Ata 20 puntos
<b>Número de socias da asociación</b>	
a) Ata 15	10 puntos
b) De 16 a 30	12 puntos
c) De 31 a 50	14 puntos
d) Máis de 50	15 puntos
<b>Achega de fondos propios para a realización da actividade</b>	
Ata o 10% do orzamento total	6 puntos
Máis do 10% a ata o 25% do orzamento total	8 puntos
Máis do 25% do orzamento total	10 puntos

## 10.- CRITERIOS PARA A DETERMINACIÓN DA CUANTÍA

A determinación da contía individualizada de cada subvención resultará da puntuación obtida tras a aplicación dos criterios establecidos na base 9 e do número de solicitudes.

En ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada. A tal efecto as solicitantes deberán declarar tódalas axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo obxecto, no momento da solicitude ou en calquera outro da vixencia do expediente en que se produza.

En caso de que o conxunto das axudas supere o custo das actividades, esta axuda reducirase na cantidade necesaria ata acadar o cumprimento do establecido anteriormente.

A axuda económica que se conceda poderá acadar a totalidade do custo da actividade, ata o esgotamento do crédito.

## 11.- INSTRUCCION DO PROCEDEMENTO

11.1 A instrucción do procedemento corresponderalle a un técnico/a do Concello de Lalín, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, comprendendo



as actividades descritas no artigo 24 da Lei 38/2003.

No expediente de concesión das subvencións deberá figurar o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren os requisitos esixidos.

11.2 Constituirase unha Comisión Avaliadora que estará composta por:

- Presidenta: A Concelleira de Igualdade e Cim
- Secretaria: Técnica da Concellería de Igualdade e Cim
- Vogais: Técnicos/as da Concellería de Igualdade ou da Concellería de Política Social

A Comisión Avaliadora procederá ao exame e ao estudo das solicitudes de subvención presentadas, conforme aos criterios establecidos na Base 9ª, e elaborará unha acta na que se concrete o resultado de dita valoración. A Comisión Avaliadora terá competencia para a interpretación das bases no caso de que poida xurdir algunha incidencia ao respecto. A tal efecto, deberá deixar constancia daquelas interpretacións que no seu caso xurdan ou ben na acta ou ben en informe elaborado a tal efecto, correspondendo en última instancia á Xunta de Goberno Local a aprobación das mesmas.

A Comisión, unha vez avaliadas as solicitudes, á vista da dispoñibilidade orzamentaria e de acordo cos criterios de valoración previstos na convocatoria, realizará un informe que deberá expresar:

- Relación de solicitantes ás que se propón conceder a subvención con especificación da contía de subvención proposta para cada unha delas.
- Especificación dos criterios seguidos, xunto coa súa valoración.
- No seu caso, causas da desestimación de solicitudes presentadas ou da denegación de axudas solicitadas.

11.3 O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, elevará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver por ter delegada a competencia da Alcaldía, sen prexuízo da posible avocación de competencia que poida producirse por causas debidamente xustificadas.

## **12.- RESOLUCIÓN.**

12.1 A Xunta de Goberno Local resolverá o expediente de concesión de subvencións, previo informe de Intervención. Na tramitación do expediente estarase ó disposto nas Bases de execución do orzamento municipal.

12.2 O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses dende o día en que remate o prazo de presentación de solicitudes. A notificación levarase a cabo de acordo co establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sen prexuízo da obriga de resolver, de acordo co disposto nos artigos 21 e 22 da Lei 39/2015, o transcurso do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitima ás interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

12.3 De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, publicarase a concesión destas axudas na Base de Datos Nacional de Subvencións. Así mesmo, o



acordo de concesión será publicado no Taboleiro de Anuncios do Concello e na Sede Electrónica.

12.4 O Concello de Lalín notificará á Axencia Tributaria a relación de entidades beneficiarias das subvencións reguladas nas presentes bases e os importes concedidos.

### **13.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS**

As entidades beneficiarias disporán dun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención ou ben comunicar a renuncia á subvención concedida. Transcorrido dito prazo sen que se producise manifestación expresa a subvención entenderase tácitamente aceptada de acordo con artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003 e no artigo 11 da Lei 9/2007, as entidades beneficiarias das axudas concedidas ao abeiro destas bases quedan obrigadas a:

- 1.—Realizar a actividade que fundamentou a súa concesión.
- 2.—Destinar a subvención obtida á finalidade para a que foi concedida.
- 3.— Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, no momento de realizar a xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- 4.—Someterse ás actuacións de comprobación do Concello ou, no seu caso, do órgano de control competente, facilitando canta información sexa requirida ao respecto.
- 5.—Acreditar, con anterioridade á proposta de resolución, que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- 6.—Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades subvencionadas, facendo constar na totalidade da publicidade ou actividade informativa que se realice por calquera medio que conta coa subvención do Concello de Lalín.
- 7.— A presentación da programación das actuacións, así como a publicidade, a difusión, o soporte informático, as publicacións, etc., deberán figurar en idioma galego.

### **14.- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **15.- XUSTIFICACIÓN**

15.1 Serán subvencionables as actividades realizadas no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2023.

15.2 O prazo de presentación da xustificación rematará o 31 de outubro de 2023.

15.3 Dentro do prazo establecido no número anterior, as entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación xustificativa:





- Anexo VII: solicitude de pagamento debidamente asinada pola persoa que ten a representación da entidade.
- Anexo VIII: certificación do gasto realizado e pagado, onde conste a natureza e o importe, coa identificación do acredor e da factura, data de emisión e data de pagamento, expedida pola secretaria da entidade co visto e prace da súa presidenta
- Anexo IX: memoria xustificativa da actividade na que se detalle a data da realización da actividade ,as beneficiarias e os obxectivos alcanzados
- Anexo V: declaración de axudas actualizada na data de xustificación
- Facturas relativas aos gastos realizados polos conceptos incluídos na solicitude e por importe mínimo da subvención concedida.

As facturas deberán reunir os seguintes requisitos:

- ✓ A asociación aparecerá como destinataria das mesmas
  - ✓ Número de factura
  - ✓ Lugar e data de emisión
  - ✓ Nome e apelidos ou denominación social e NIF do/a provedor/a e da asociación destinataria
  - ✓ O IVE deberá vir desagregado
  - ✓ Descrición detallada do concepto facturado
- Xustificante bancario de pago.

Só se admitirán como xustificantes os pagos realizados mediante documentos expedidos por unha entidade financeira nos que queden identificados a persoa receptora e a emisora do pagamento, o importe e a data de pagamento ( transferencias bancarias, talóns nominativos....). Será conveniente que se faga constar o número da factura.

No caso de pagamento mediante cheque terá que ser, en todo caso, nominativo e vir acompañado da xustificación bancaria acreditativa do cargo na conta que figure nel.

No caso de pagos por importe igual ou inferior a 300 euros admitirase o pago en metálico sempre e cando se faga constar na factura o selo do provedor, a dilixencia de factura pagada e o nome, DNI e sinatura da persoa que dilixencie o cobro da mesma e se xustifique a imposibilidade de pago a través de banco.

15.4 Para os efectos da consideración dos gastos como subvencionables e para a súa xustificación deberán axustarse ao seguinte: ser un gasto directo da acción, adecuado aos obxectivos, que exista constancia documental sobre a súa realización de xeito verificable, que se acredite mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (exemplo: nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social), estar efectivamente realizado no período establecido e pagado, como máximo, na data de finalización do prazo de xustificación da subvención.

15.5 Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto en que se reflicte o importe da retención ou cotización devindicadas na data de xustificación, quedando as entidades beneficiarias obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario. En todo caso, a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da convocatoria.



15.6 A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á esixencia dos xuros de demora.

## 16. PAGAMENTO

16.1 O importe da subvención farase efectivo nun pagamento único, logo da acreditación da realización da actuación ou actividade e da presentación da documentación xustificativa sinalada no artigo anterior e trala aprobación da conta xustificativa polo órgano competente.

16.2 Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, non aboándose máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.

16.3 Para pagar a subvención terase en conta:

- No caso de que se xustifique o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado aboarase a totalidade da subvención
- No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100 % aboarase a parte proporcional da subvención

16.4 Non obstante e excepcionalmente, se o órgano competente o considera oportuno, poderase acordar, motivadamente, o pagamento anticipado de ata o 50% da subvención basándose na insuficiencia de recursos da beneficiaria, debendo esta achegar no prazo máximo de 3 meses os documentos xustificativos do gasto realizado.

16.5 Antes de proceder ao pagamento da axuda deberá figurar no expediente a documentación acreditativa de que as entidades beneficiarias están ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma. A estes efectos en aplicación do disposto no artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, será suficiente a declaración responsable das entidades solicitantes.

O aboamento da subvención practicaráselle directamente á entidade na conta bancaria indicada por esta.

## 17.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

As subvencións recollidas nestas bases son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións e entes públicos ou privados, pero en ningún caso o conxunto das axudas recibidas poderá superar o 100 % do custo da actividade subvencionada.

## 18.- REINTEGRO E SANCIÓN

18.1 O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora



correspondentes. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións aí como na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

18.2 As beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos no título IV da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións así como na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

## **19.- CONTROL**

19.1 O Concello de Lalín poderá levar a cabo as actividades de control que considere oportunas para controlar o cumprimento das axudas reguladas nesta convocatoria.

19.2 Todas as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención do concello de Lalín, nos termos que establecen o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento municipal e o Real Decreto 424/2017 de 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do sector público local.

## **20.- RECURSOS.**

As resolucións expresas ou presuntas ditadas ao abeiro das presentes bases porán fin á vía administrativa e contra estas poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa.

## **21.- PROTECCION DE DATOS**

En cumprimento do Regulamento da Unión Europea 2016/679, sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes na materia, infórmase que:

**RESPONSABLE:** O Concello de Lalín é o responsable dos datos persoais facilitados polas persoas solicitantes.

**FINALIDADE:** A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución e resolución do procedemento para a concesión de subvencións para a realización de actividades polas asociacións de mulleres, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da/s axudas.

**DESTINATARIOS:** Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

**LEXITIMACIÓN:** A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexitimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local.

**DEREITOS:** As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais



CONCELLO DE LALÍN  
www.lalin.gal

automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro - Concello de Lalín - . Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo : [dpd@lalin.gal](mailto:dpd@lalin.gal).

## **DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA**

A participación nesta convocatoria supón a aceptación destas bases.

Para os supostos non previstos nas presentes bases serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento do Concello de Lalín para o ano 2023, na Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo.

Lalín 17 de febreiro de 2023



**ANEXO I**

<b>PROCEDEMENTO</b>	<b>DOCUMENTO</b>
<b>SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DAS ASOCIACIÓNS DE MULLERES</b>	<b>SOLICITUDE</b>

RAZÓN SOCIAL :

NIF:

DOMICILIO SOCIAL:

TELEFONO:

CORREO ELECTRONICO:

Nº DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE LALÍN:

**E NA SUA REPRESENTACIÓN**

NOME :                                      APELIDOS:                                      DNI:

EN CALIDADE DE:

**DATOS PARA OS EFECTOS DA NOTIFICACIÓN**

Notifíquese a :                      o Entidade solicitante                                      o Persoa representante

TELÉFONO MÓVIL:                                      CORREO ELECTRÓNICO:

**ACTIVIDADE SOLICITADA**

DENOMINACIÓN:

CUSTO TOTAL:

SUBVENCIÓN SOLICITADA :

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA**

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

2. Que esta entidade:

2.1 Cumpre todos os requisitos para obter a condición de beneficiaria das axudas reguladas nesta convocatoria e, polo tanto, non está incurso en ningunha das circunstancias de prohibición a que se refire o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.2 Non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.3 Non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.4 Está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma nin co Concello de Lalín.



**ANEXO I**  
(continuación)

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

- Anexo II.- Certificación
- Anexo III.- Memoria explicativa
- Anexo IV.- Orzamento
- Anexo V.- Certificación composición Xunta Directiva
- Anexo VI.- declaración de axudas
- Certificación datos bancarios
- Orzamento do ano en curso
- Declaración xurada de actualización de datos no Rexistro municipal de asociacións

	DEPARTAMENTO	ANO
Estatutos		
Inscripción en rexistro públicos e acta de constitución		
NIF da entidade		
DNI persoa representante		

AUTORIZO AO CONCELLO DE LALÍN a solicitar e recibir da Axencia Tributaria, da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da Axencia Tributaria de Galicia os datos relativos á situación de débeda referentes á miña persoa ou á entidade que represento	SI	
	NON	

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

**Responsable do tratamento:** Concello de Lalín

**Finalidades do tratamento:** Xestionar o presente procedemento e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven. Así mesmo, o Concello de Lalín, no exercicio das súas competencias, poderá verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude

**Lexitimación para o tratamento:** O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas en <https://lalin.sedelectronica.gal/privacy>

**Persoas destinatarias dos datos:** As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

**Exercicio de dereitos:** As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica do Concello de Lalín.

**Contacto delegado protección de datos:** [dpd@lalin.gal](mailto:dpd@lalin.gal)

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lalín, a                    de                    de 202

**SR ALCALDE DO CONCELLO DE LALIN**



ANEXO II

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DAS ASOCIACIÓNS DE MULLERES</b>	DOCUMENTO <b>CERTIFICACIÓN</b>
---	-----------------------------------

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL:

NIF:

**DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA**

NOME :

APELIDOS:

DNI:

EN CALIDADE DE:

**CERTIFICA**

1.- Que D<sup>a</sup>

con NIF

ten o cargo de presidenta desta entidade e actúa como representante legal desta para os efectos de subscripción da solicitude de subvención para a realización de actividades polas asociacións de mulleres, en virtude do estipulado nos estatutos.

2.- O número de persoas asociadas é o seguinte :

MULLERES	HOMES

3.- Que o número de socias da entidade representa polo menos o 90 % da totalidade das persoas asociadas.

**SINATURA DA PERSOA QUE CERTIFICA**

Lalín a        de        de 202

**SR ALCALDE DO CONCELLO DE LALIN**



**ANEXO III**

PROCEDEMENTO SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DAS ASOCIACIONES DE MULLERES	DOCUMENTO MEMORIA EXPLICATIVA
---	----------------------------------

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZON SOCIAL:

NIF:

**E NA SUA REPRESENTACION**

NOME:

APELIDOS:

DNI:

EN CALIDADE DE:

**DATOS DA ACTIVIDADE**

DENOMINACION DA ACTIVIDADE:

LUGAR DE DESENVOLVEMENTO:

DATA DE DESENVOLVEMENTO:

N.º PERSONAS PARTICIPANTES:

FINANCIAMENTO PREVISTO:

OBXECTIVOS PREVISTOS

--

**SR ALCALDE DO CONCELLO DE LALIN**





ANEXO IV

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DAS ASOCIATIONS DE MULLERES	ORZAMENTO

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL:

NIF:

E NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME:

APELIDOS:

DNI:

PROGRAMA DE FINANCIAMENTO

	IMPORTES
Importe que se solicita nesta convocatoria	
Recursos propios	
Cofinanciamento doutras administracións	
Outros	
<b>TOTAL</b>	

ORZAMENTO DE GASTOS

	IMPORTES
Gastos de provedores para a execución da actividade	
Gastos derivados da realización da actividade: publicidade...	
Outros gastos	
<b>TOTAL</b>	

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lalín a      de      de 202

SR ALCALDE DO CONCELLO DE LALIN



ANEXO V

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DAS ASOCIACIÓNS DE MULLERES	DOCUMENTO CERTIFICACION COMPOSICION XUNTA DIRECTIVA
---	---

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL:

NIF:

DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA

NOME:

APELIDOS:

DNI:

EN CALIDADE DE :

CERTIFICA

Que a asociación

en asemblea celebrada en data      nomeou como representantes de dita entidade ás seguintes persoas:

NOME	APELIDOS	DNI	CARGO

SINATURA DA PERSOA QUE CERTIFICA

Lalín a      de      de 202

SR ALCALDE DO CONCELLO DE LALIN



ANEXO VI

PROCEDEMENTO SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DA S ASOCIACIONES DE MULLERES	DOCUMENTO DECLARACION DE AXUDAS
--	------------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL:

NIF:

E NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME:

APELIDOS:

DNI:

DECLARA

1.- Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas e/ou percibidas e ingresos obtidos e/ou previstos para as actuacións e gastos subvencionables previstos nesta convocatoria, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, esta entidade:

- Non ten solicitadas, concedidas ou percibidas axudas doutros organismos ou entidades para mesma finalidade  
 Ten solicitadas, concedidas ou percibidas axudas doutros organismos ou entidades para a mesma finalidade

CONCEPTO DA AXUDA	S/C/P	IMPORTE	ADMINISTRACION OU ORGANISMO CONCEDENTE

2.- Que o importe das axudas percibidas non supera o custe total da actividade.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lalín a      de      de 202

SR ALCALDE DO CONCELLO DE LALIN



ANEXO VII

<b>PROCEDEMENTO</b> SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DAS ASOCIACIONES DE MULLERES	<b>DOCUMENTO</b> SOLICITUDE DE PAGAMENTO
--	---

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZON SOCIAL:

NIF:

**E NA SUA REPRESENTACIÓN**

NOME:

APELIDOS:

DNI:

**DECLARA**

1. Que a axuda/subvención foi destinada ao fin para o que se concedeu e SOLICITA o PAGAMENTO DA LIQUIDACIÓN correspondente da axuda concedida para a actuación

de conformidade coa documentación que se achega para estes efectos segundo o esixido nas bases reguladoras

<b>CUSTO TOTAL DA ACTUACIÓN</b>	<b>IMPORTE CONCESIÓN</b>	<b>IMPORTE DA XUSTIFICACIÓN</b>	<b>IMPORTE XUSTIFICADO E IMPUTADO A ESTA SUBVENCIÓN</b>
---------------------------------	--------------------------	---------------------------------	---

2. Estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendentes de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma nin co Concello de Lalín.

3. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas e/ou percibidas e ingresos obtidos e/ou previstos para as actuacións e gastos subvencionables previstos nesta convocatoria, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, esta entidade:

- Non ten solicitadas, concedidas ou percibidas axudas doutros organismos ou entidades para mesma finalidade
- Ten solicitadas, concedidas ou percibidas axudas doutros organismos ou entidades para a mesma finalidade

<b>CONCEPTO DA AXUDA</b>	<b>S/C/P</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>ADMINISTRACION OU ORGANISMO CONCEDENTE</b>

4.- Que o importe das axudas percibidas non supera o custe total da actividade.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA Á SOLICITUDE DE PAGAMENTO**

- Anexo VIII: certificación dos gastos realizados e pagados
- Anexo IX: memoria xustificativa
- Orixinais das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e xustificantes bancarios do seu pagamento
- Outra documentación:



CONCELLO DE LALÍN  
www.lalin.gal

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lalín a            de            de 202

**SR ALCALDE DO CONCELLO DE LALIN**



ANEXO VIII

PROCEDEMENTO SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DAS ASOCIACIONES DE MULLERES	DOCUMENTO CERTIFICACION DO GASTO
---	-------------------------------------

DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA

NOME: APELIDOS: NIF:

EN CALIDADE DE :

**CERTIFICA**

Que os gastos efectivamente realizados correspondentes á ACTUACIÓN

son os seguintes:

	Empresa	NIF	Data factura	Número factura	Concepto	Base imponible	IVE	IRPF	Importe total	Data de pagamento	Importe imputado a esta subvención
Gastos de proveedores											
Gastos de publicidade material...											
Outros gastos											

A persoa que certifica

Visto e prace  
A persoa representante

Lalín a de de 202

SR ALCALDE DO CONCELLO DE LALIN



ANEXO IX

PROCEDEMENTO SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DAS ASOCIACIONES DE MULLERES	DOCUMENTO MEMORIA XUSTIFICATIVA
---	------------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL:

NIF:

E NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME:

APELIDOS:

DNI:

DATOS DA ACTIVIDADE

DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE:

DATA DE REALIZACIÓN:

IMPORTE CONCEDIDO:

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:

N.º PERSONAS PARTICIPANTES:

RESUMO ECONOMICO

- TOTAL GASTOS.....
- TOTAL INGRESOS.....
- FONTES DE FINANCIAMENTO.....

OBXECTIVOS OBTIDOS

Lalín a            de            de 202

SR ALCALDE DO CONCELLO DE LALIN